

Resolución Reitoral pola que se convocan Bolsas de colaboración no Programa Colmea de Ideas da Universidade de Vigo para o desenvolvemento dos traballos fin de estudos no curso 2026/2027.

A Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e as tres universidades galegas asinaron un convenio para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria para o que está previsto poñer en marcha un programa de impulso do talento novo universitario.

No marco deste obxectivo, a Universidade de Vigo desenvolve Colmea de Ideas, unha iniciativa que promove a creatividade, a innovación e o emprendemento do estudiantado a través da resolución de retos reais propostos por empresas e entidades mediante a realización de Traballos Fin de Grao e Fin de Máster. O programa busca crear un ecosistema de innovación dentro da universidade, conectando o talento universitario co tecido produtivo e ofrecendo solucións a retos sociais, ambientais ou tecnolóxicos.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade*.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de colaboración no Programa Colmea de ideas para a desenvolvemento de Tráballo Fin de Estudos de Grao (TFG) e de Máster (TFM), que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN NO PROGRAMA COLMEA DE IDEAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS TFG/TFM

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é establecer unha conexión entre o TFG/TFM do estudiantado da Universidade de Vigo e os retos reais propostos por empresas, proxectos de emprendemento ou iniciativas empresariais emerxentes da nosa comunidade autónoma.

A presente convocatoria non está prevista no plan de subvencións vixente debido a que no momento da súa aprobación non estaba prevista a sinatura do convenio.

A través do [Programa Colmea de Ideas](#), búscase que o estudiantado desenvolva, aplique e demostre os coñecementos, capacidades e competencias adquiridas ao longo da súa formación académica mediante a elaboración do seu TFG ou TFM, contribuíndo con solucións ou melloras a necesidades concretas das entidades participantes.

A colaboración terá un carácter formativo e deberá cumprir coa normativa interna da Universidade de Vigo sobre traballos de fin de estudos, así como coas cláusulas do convenio específico de colaboración asinado para tal fin.

Establécense dúas modalidades en función das características das entidades, cun máximo de 9 bolsas en cada unha delas:

- **Modalidade A:** bolsas que se desenvolvan en iniciativas empresariais emerxentes ou proxectos emprendedores, tanto os vinculados á Rede de Polos de Emprendemento e apoio ao emprego da Xunta de Galicia como aqueles nados no seo da Universidade de Vigo.
- **Modalidade B:** bolsas que se desenvolvan en empresas ou entidades xa consolidadas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Atoparse nalgún dos seguintes casos no prazo de presentación de solicitudes
 - a. Posuír nacionalidade española.
 - b. Posuír a nacionalidade dun estado membro da Unión Europea e acreditar a condición de residente legal.
 - c. Posuír nacionalidade fóra da UE e acreditar a residencia legal en España, de acordo co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- b) Estar matriculado na Universidade de Vigo na materia de TFG/TFM no curso 2026/2027 na data fin do prazo de presentación de solicitudes.
- c) Estar rexistrado como estudante na plataforma Colmea de Ideas <https://colmeadeideas.webs.uvigo.es/register?profile=student> e estar seleccionado/a pola empresa promotora do proxecto elixido para desenvolvelo no marco do seu TFG/TFM ao longo do curso académico 2026/2027.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das



circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. CARACTERÍSTICAS DA COLABORACIÓN

O estudantado beneficiario estará baixo a dirección conxunta e coordinada da universidade e da propia entidade colaboradora, nos termos recollidos tanto nas normativas para elaborar o TFG <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/550> e o TFM <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/549> da universidade así como nos regulamentos propios do centro, e os convenios específicos para a realización de TFG e TFM en empresas <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/tfg-tfm-empresas>

4. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible con calquera outra axuda concedida por calquera institución pública ou privada da mesma natureza e para a mesma finalidade.

5. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo a aplicación orzamentaria 2026 0000 1215 482.99 cun importe orzamentaria máximo de 14.400€ para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía individual máxima será de 800€, esta contía estará suxeita á retención establecida na normativa tributaria aplicable
3. O pagamento realizarase, no prazo de 1 mes dende a adxudicación, mediante transferencia á conta bancaria en España indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na Secretaría virtual da Universidade de Vigo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> na que deberá rexistrarse e seleccionar “*TFG/TFM Colmea de ideas*”

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (*art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte de publicarse esta convocatoria , rematando o **15 de setembro do 2026** ás 23:59 horas (hora peninsular española).
3. No formulario en liña achegarase, de ser o caso, a seguinte documentación:
 - O estudantado que non teña nacionalidade española:
 - o documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea ou
 - o tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estada por estudos) de cidadán/á extracomunitario.
 - No caso do estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia deberá presentar certificado expedido polo órgano competente da comunidade



autónoma.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

7. COMPROBACIÓN

A Área de Emprego e Emprendemento comprobará o cumprimento do requisito establecido na base 2.c) desta convocatoria e comunicará o resultado á Sección de Bolsas e Axudas.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de selección de acordo cos seguintes criterios:

- a. Nota expediente académico:
 - i. Para estudiantado de grao e de máster universitario de mais de 60 créditos a nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003.
 - ii. Para o estudiantado de inicio de estudos de máster universitario a nota de acceso segundo se recolle no RD 1125/2003.
- b. Ao estudiantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia sumaráselle dous puntos a súa nota.

De existir empate na puntuación, outorgarase o premio á persoa que teña máis materias cualificadas con Matrícula de honra, en segundo lugar, a que teña máis Sobresaiñtes e de persistir o empate a persoa que teña máis Notables.

No caso de que nalgunha das modalidades non se chegue a cubrir o total de bolsas previstas, as vacantes poderán ser cubertas con solicitudes da lista de agarda da outra modalidade ordenados por nota ata esgotar o orzamento.

A comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade

Vogais:

- Maruxa Álvarez Jiménez, directora da Área de Emprego e Emprendemento
- Belén Fernández, técnica superior da Unidade de Emprego e Emprendemento
- Magdalena Domínguez Álvarez, xefa da Área de Bolsas da Universidade de Vigo

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora tivese que examinar as solicitudes, algún/algunha dos/das compoñentes non puidera asistir, substituírse pola persoa



que para o efecto se nomease. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará **a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida coa súa puntuación, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o *formulario de alegacións* existente na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviará a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

7. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

8. As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previsto no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. RENUNCIA DAS BOLSAS

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o *formulario de renuncia* existente na Secretaría Virtual ([formulario renuncia](#)) e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e o titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se fará efectiva a renuncia xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

10. OBRIGAS

Serán obrigas das persoas bolseiras:

- a) Contemplar, no desenvolvemento da estadía ás obrigas recollidas na normativa para a realización de Tránsito Fin de Grao e Fin de Máster (aprobada no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016, modificada o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022).
- b) Cumprir os contidos da colaboración seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade participante baixo a supervisión da persoa da universidade que exerza a dirección do traballo. Así mesmo deberán manter contacto co/a director/a académica e comunicarlle calquera incidencia que exista durante o desenvolvemento da colaboración.
- c) Incorporarse á entidade na data acordada.



d) Enviar á Sección de Bolsas, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, un documento de fin de bolsa asinado polas persoas titoras da entidade e da universidade, a través do seguinte [formulario](#)

e) Comunicar á Sección de Axudas e Bolsas a obtención de axudas da mesma natureza e finalidade.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas estará obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida

12. COORDINACIÓN DO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir á colmeadeideas@uvigo.gal as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

13. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede vulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

